



Ferrol, mércores 6 de maio de 2020

Benqueridas familias:

Queremos informaros sobre as instrucións da Consellería para o terceiro trimestre.

1. Adaptaranse as programacións do terceiro trimestre para que o alumnado adquira as aprendizaxes e competencias imprescindibles de cada materia. Estas programacións estarán á vosa disposición na web do colexio (www.ciamariaferrol.org) dende o próximo 12 de maio.
2. O terceiro trimestre terá unha duración dende o 16 de marzo (data de declaración do estado de alarma) ata o remate do curso escolar, o vindeiro 19 de xuño.
3. Durante este tempo levaranse a cabo actividades de reforzo, repaso e recuperación ou ampliación das aprendizaxes desenvolvidas no primeiro e segundo trimestre.
Este feito terase en conta á hora da planificación do vindeiro curso para que se poidan dar os contidos imprescindibles non traballados.
4. A avaliación e cualificación da terceira avaliación realizarase sobre as tarefas realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020 ata a finalización do curso o vindeiro 19 de xuño.
5. Nos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles expostas nas programacións.
6. As cualificacións finais de curso realizaranse a partir das avaliacións obtidas na primeira, segunda e terceira avaliación, sempre que o rendemento da terceira favoreza ao alumnado. En ningún caso, as dificultades derivadas da situación poderán empeorar os resultados obtidos na primeira e segunda avaliación.
7. Restablecerase o prazo para a presentación das solicitudes de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, polo tempo que restaba cando se declarou o estado de alarma; deste xeito, iniciarase o día 11 de maio de 2020 e rematará o día 18 do mesmo mes.

Aproveitamos tamén para comunicarvos que:

- A partir do día 11 o centro estará aberto de 10.00 ás 13.00 horas.
- Todos aqueles que necesitedes algún libro para o desenvolvemento das tarefas que están a levarse a cabo estes días, podedes solicitar cita para recollelos.
- Para poder adoptar todas as medidas seguridade pertinentes, a atención presencial levarase a cabo só previa cita telefónica, chamando ao 981 322796.

Queremos agradecervos a colaboración e esforzo que tanto familias como alumnado estades a facer nestes momentos difíciles. Sabedes que tanto o Equipo Directivo, o Equipo de Orientación e o claustro de profesores estamos á vosa disposición para o que precisedes.

Un saúdo e moito ánimo para todos.

O Equipo Directivo

